

Boletín Nº 255. Jueves, 7 de noviembre 2007

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de solo, subsolo e voo da vía pública.

Artigo 1.º .-Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 20 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, regulamentadora das Facendas Locais, este Concello vén de establecer a taxa por ocupación do solo, subsolo e voo da vía pública, e que se rexerá pola presente ordenanza.

Artigo 2.º .-Obrigados ó pagamento.

Están obrigados ó pagamento da taxa regulada nesta ordenanza as empresas explotadoras de servizos de subministración que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario.

Artigo 3.º .-Contía.

A contía da taxa regulada nesta ordenanza consistirá no 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste término municipal as empresas a que fai referencia o artigo anterior.

A contía desta taxa que lle puidera corresponder a "Telefónica de España, S.A.", está englobada na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o apartado 1 do artigo 40 da Lei 15/1987, do 30 de xullo (disposición adicional oitava da Lei 39/1988, do 28 de decembro).

Artigo 4.º .-Obriga do pagamento.

1. A obriga de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace:

- a) Tratándose de concesión de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicitar a correspondente licencia.
- b) Tratándose de concesión de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada ano natural.

2. O pagamento da taxa farase por trimestres naturais nas oficinas municipais.